

*Consumópolis 9*

*CONSUMIR ENTRE  
PANTALLAS*

**CEIP PLURILINGÜE SANTA RITA**

**ÍNDICE**

- Equipo e compoñentes.
- Desenvolvemento da fase da primeira fase.
- Documentación consultada.
- Desenvolvemento da segunda fase.
- Ferramentas dixitais e materiais empregados.
- Autoavaliación.
- Anexo fotográfico.

## MEMORIA CONSUMÓPOLIS 9

**Nome do equipo:** Umpalumpas

**Compoñentes do equipo:**

- Xoel Trasancos Atadell
- Sergio Rojo López
- Xosé Ramallal Castro
- Mateo Rubal Fanego
- Gabriel Arias Domínguez

**Desenvolvemento da primeira fase:** A nosa participación en **Consumópolis 9** comezou polo mes de Outubro cando o profe nos comunicou que podíamos inscribirmos. Dixo que se trataba dun concurso para facer un uso responsable das redes sociais.

A participación tiña que ser en grupos de 5 compoñentes. Cada un dos compoñentes debía ter un “nick” e un “contrasinal”. Tamén nos dixo que no concurso íamos utilizar as novas tecnoloxías.

A organización do grupo foi unha das cousas máis difíciles e o que nos levou máis tempo. Axudounos o profesor aínda que houbo bastantes queixas. Ao final o equipo formouse cando chegamos a un acordo e ao profesor lle pareceu ben.

Unha vez formado o equipo tivemos que crear, cada un, o noso avatar. Tiñamos un

montón de configuracións posibles e todos quedaron moi ben.

A primeira parte ía consistir nun xogo on-line no que deberíamos contestar a varios bloques de preguntas. Antes de contestar as preguntas tiñamos que consultar as fichas pedagóxicas pois, de responder mal, perdíamos puntos. Cada bloque de preguntas que se contestara correctamente daría paso a un xogo no que tamén se podían acadar puntos e para pasar ao seguinte bloque de preguntas era preciso que todos os componentes do grupo tivesen rematado dito bloque.

**Documentación consultada:** O profesor (Marcial) díxonos que para responder ben as preguntas podíamos consultar as fichas pedagóxicas. Nos fixémoslle caso e consultámolas. Tamén vimos vídeos e noticias publicadas en revistas dixitais.

**Desenvolvemento da segunda fase:** Logo para a 2ª fase díxonos que tiñamos que elaborar un cartel con un lema para fomentar un uso responsable das redes sociais. Para a elaboración do cartel quedamos na casa de Gabriel. Aínda que dous membros non foron, pero a idea xa a tiñamos pensada. Só nos quedaba facelo. No cole repartimos o traballo e cada un se encargou dunha cousa. Este traballo rematámolo nun tempo libre que nos deixou o profesor. Cada un encargouse de facer unha frase e, despois, eliximos a que máis nos gustou. Gabriel e Sergio encargábanse de facer as frases, Mateo de facer os debuxos, Xoel buscou os materiais, Xosé fixo a estrutura e entre todos pintamos todo. A experiencia foi moi boa porque traballamos en grupo e pasámolo moi ben.

**Ferramentas dixitais e materiais empregados:** Para elaborar o cartel utilizamos moitas cousas: ordenador, cartolina A3 branca, rotuladores, lápices, cartolina azul, cámara de fotos, pegamento, cartolina rosa...

**Autoavaliación:** A experiencia foi moi boa porque traballamos en grupo, aprendimos moitas cousas e pasámolo moi ben.

## Anexo fotográfico:





